

ANEXO III

POAP

(Plan de Orientación Académica Profesional)

CURSO 2025-26



ÍNDICE

1.-INTRODUCCIÓN	3
2.-ACTUACIÓNS DIRIXIDAS Á ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.	4
2.1.- XUSTIFICACIÓN	4
2.2.- OBXECTIVOS PRIORITARIOS PARA ESTE CURSO	4
2.2.1.- Co alumnado	
2.2.2.- Cos titores e titoras	
2.2.3.- Coas familias	
2.3.- ACTIVIDADES	5
2.3.1.- Orientación académica profesional na ESO.	
2.3.2.- Orientación académica en FPB	
2.3.3.- Orientación académica profesional no Bacharelato.	
2.3.4.- Orientación académica profesional en CFGM e CFGS.	



1. INTRODUCCIÓN.

A lexislación vixente entende a Orientación Académica e Profesional como:

“Un proceso que se debe desenvolver durante toda a Educación Secundaria, adquirindo unha especial relevancia cando o alumno/a debe escoller materias optativas, e naqueles momentos nos que a elección entre distintas opcións pode condicionar en gran medida o futuro académico e profesional dos estudantes: itinerarios académicos no Bacharelato ou ciclos de Formación Profesional”

A formulación da Orientación Académica e Profesional encóntrase no Plan de Acción Titorial, ao longo de toda a ESO e, de modo especial, nos cursos de 3º e 4º de Bacharelato.

A orientación académica e profesional debe entenderse como un proceso que se debe desenvolver durante toda a Educación Secundaria, adquirindo unha especial relevancia cando o alumnado debe escoller materias optativas, e naqueles momentos nos que a elección entre distintas opcións pode condicionar en gran medida o futuro académico e profesional dos estudantes: optatividade, itinerarios académicos en 4º de ESO e modalidades (e vías) de Bacharelato ou formación profesional.

Por outro lado, o proceso de orientación académica e profesional será o elemento fundamental para a elaboración do **consello orientador** que, para cada alumno ou alumna, formularase ao remate do 2º e 4º curso da Educación Secundaria Obrigatoria.

Dito consello debe entenderse como unha proposta colexiada do equipo de profesores e profesoras do grupo, na que, tendo en conta as expectativas manifestadas polo propio alumnado, recomendaránselle as opcións educativas ou profesionais máis acordes coas súas capacidades, intereses e posibilidades.

O Departamento de Orientación participará na elaboración do consello orientador, especialmente cando un/unha alumno/a requira unha orientación máis personalizada para tomar a súa decisión respecto ás diferentes alternativas que se lle presenta



2. ACTUACIÓNS DIRIXIDAS Á ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL .

2.1.- Xustificación:

Aos centros educativos demándaselles que desenvolvan actividades de orientación profesional e formación para a inserción laboral que dote ao alumnado das capacidades necesarias para o autocoñecemento, o coñecemento e exploración do mundo do traballo xunto ao coñecemento dos itinerarios formativos posibles dentro do sistema educativo.

Neste proceso de orientación non só debe intervir o centro educativo, débese contar con outras institucións e axentes sociais tales como Equipo de Orientación Específica, antigos alumnos/as do IES, etc.

2.2.- Obxectivos prioritarios para este curso académico

2.2.1.- Cos alumnos e alumnas.

- Axudar ao alumnado no coñecemento de si mesmo.
- Proporcionar información aos alumnos e alumnas sobre os itinerarios académicos profesionais e sobre a situación actual e as tendencias no mundo laboral.
- Desenvolver habilidades de busca e tratamento da información.
- Desenvolver a reflexión e capacidade crítica para realizar a súa toma de decisións.
- Eliminar os estereotipos e prexuízos sexistas para que saiban fundamentar axeitadamente as súas decisións.
- Familiarizar aos alumnos e alumnas dos cursos terminais (4º ESO e Bacharelato) sobre o mundo do traballo, asesoramento na busca de emprego e análise do mercado laboral.
- Contribuír a que os alumnos establezan conexións entre os estudos de Formación Profesional que realizan e a posibilidade de encontrar traballo.
- Proporcionar ao alumnado experiencias sobre creación de empresas.
- Valorar as técnicas básicas de busca de emprego e selección de persoal.
- Coñecer os itinerarios para o acceso a outros estudos: Ciclos formativos, Bacharelato e Universidade.
- Coñecer os mecanismos de acceso á Universidade: cumprimentación de impresos, titulacións máis demandadas, bolsas, notas de corte nas titulacións, etc.
- Coordinar as actividades a realizar: Reunión cos titores e titoras do presente curso para a realización das actividades.



2.2.2.- Cos titores e titoras.

- Implicalos na preparación e desenvolvemento do POAP.
- Ser receptores das demandas académicas e/ou profesionais do seu grupo.
- Participar activamente no POAP.

2.2.3.- Coas familias.

- Informarlles sobre as distintas opcións que propón o sistema educativo, así como das distintas saídas profesionais.
- Posibilitar unha maior implicación e apoio no proceso de toma de decisións dos seus fillos/as.
- Contribuír a un maior coñecemento dos intereses dos seus fillos/as.

Para a consecución destes obxectivos, levaranse a cabo as actividades que se expoñen no apartado seguinte.

2.3. ACTIVIDADES:

▪ Auto coñecemento ou coñecemento de si mesmo:

- Con este primeiro bloque preténdese que o alumnado reflexione sobre si mesmo, descubra as súas destrezas e capacidades, acepte a súa situación e as súas posibilidades de desenvolvemento, efectuando, ao final do proceso, unha síntese. O titor/a e o profesorado, co asesoramento da orientadora, serán os responsables de levar a cabo estas actividades na aula e na hora de tutoría.
- Cuestionario inicial e persoal, realizado polos alumnos e alumnas, para obter unha primeira aproximación da situación académica, persoal e familiar de cada un deles. Actividades centradas no coñecemento de si mesmo: actitudes e aptitudes, intereses, motivacións e capacidades, hábitos e estilos de aprendizaxe, autoestima, capacidade de traballo en grupo, habilidades sociais, valores, personalidade, auto concepto, etc.



- Traballo en grupo con cada titor/a.
- Análise conxunta cos/ás alumnos/as.

Accións principais para a consecución dos anteriores obxectivos:

- Traballo co profesorado-titor, desde as sesións de tutoría, coa colaboración e asesoramento da orientadora.
- Intervención da orientadora en horas de tutoría, para desenvolver sesións específicas de orientación académica e profesional

2.3.1.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA NA ESO.

1º e 2º ESO

- Actividades integradas nas actividades de tutoría de cada grupo e nivel. (Ver PAT).
- Información sobre o plan de estudos de 3º da ESO e o sistema educativo en xeral.
- Inicio no coñecemento dalgunhas profesións e a súa agrupación en campos profesionais.
- Coñecemento do programa formativo da FP básica.

3º e 4º ESO:

- Actividades de auto coñecemento: intereses, capacidades, actitudes, aptitudes, limitacións.
- Información académica profesional, especialmente en 4º.
- Presentación das probas de acceso a CF de grado medio e superior para alumnado que poda ser susceptible de necesitalas.
- Actividades de coñecemento dos ciclos do noso centro.
- Actividades de coñecemento da FP dual
- Actividades de coñecemento do mundo laboral e de técnicas de busca de emprego.
- Entrevistas individuais cos alumnos/as que presenten indecisión vocacional.
- Charlas do profesorado do IES relacionadas coa súa experiencia a nivel profesional.



- En 4º da ESO ofrecer unha visión sobre as modalidades de bacharelato así como sobre as vinculacións entre as diferentes opcións do bacharelato e as carreiras universitarias. De igual modo, informar sobre as distintas familias profesionais e Ciclos de Grao Medio e Superior.
- Adestramento e axuda na toma de decisión.

O alumnado ao que se lle vexa poucas posibilidades de obter o título será igualmente obxecto dun seguimento específico e proporcionaráselle, a eles e ás súas familias, información e asesoramento sobre as opcións que se lles presentan ao rematar o curso.

2.3.2.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA EN FPB

- Que é a FPB?
- Itinerario académico segundo os módulos superados.
- Auto coñecemento.
- Coñecemento do sistema produtivo e laboral e dos procesos de inserción nel: acceso ao traballo, a busca de emprego, etc.
- Adquisición de habilidades de desenvolvemento persoal: resolución de conflitos, empatía, responsabilidade, esforzo, compromiso,...
- Desenvolvemento de habilidades para a toma de decisións: actividades para a análise das posibles consecuencias das distintas alternativas.

2.3.3.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA EN BACHARELATO

- Proporcionar ao alumnado información obxectiva sobre as opcións que se presentan ao finalizar o curso de 1º e ao finalizar a etapa, principalmente Universidade e Ciclos Formativos de FP.
- Continuar coas actuacións dos cursos anteriores para facilitar ao alumnado os coñecementos e habilidades necesarios para afrontar o proceso de toma de decisións.
- Facilitar a participación das familias na toma de decisións.
- Vixiar que as opcións elixidas sexan as adecuadas, tanto en base ás súas capacidades como ás esixencias que dita opción comporta.



PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO

1º Trimestre. Recollida dos intereses vocacionais do alumnado.

2º Trimestre. Sesións informativas sobre os intereses profesionais do alumnado.

3º Trimestre. O Departamento de Orientación en colaboración co Xefa de Estudos informará ao grupo sobre:

- As opcións académicas en segundo de Bacharelato e materias de cada unha delas (comúns, de modalidade e de libre configuración).
- As materias vinculadas á PAU.
- As posibilidades de acceso a carreiras universitarias desde cada opción.
- As posibilidades de cambio de opción.
- A nota de acceso á Universidade e "nota de corte".
- Ofrecer información sobre a Formación Profesional: Familias Profesionais, Ciclos Formativos de Grao Superior, acceso, criterios de admisión, vinculación coa universidade, etc.
- Charla impartida polo profesorado e alumnado de FP do noso centro, sobre os ciclos que se imparten no mesmo.
- Charla impartida por la coordinadora de FP Dual do noso centro, sobre as posibilidades da esta modalidade formativa.
- Realizaranse entrevistas individuais co alumnado que o demande.
- Desenvolveranse actividades de coñecemento do mundo laboral e técnicas de busca de emprego e realización da II FERIA DO FUTURO DO IES A Pontepedriña.
- Indicaranse as fontes dispoñibles, para que o alumnado poida consultar a información adicional que poida necesitar.
- escoitaranse e procurárase dar resposta ás demandas concretas de cada grupo.



SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO

1º e 2º Trimestre. Aplicación dun cuestionario sobre expectativas académico- profesionais, co fin de recoller demandas e inquietudes e organizar, a partir das devanditas demandas, a información a transmitir ao alumnado.

2º e 3º trimestres. Información ao alumnado sobre:

a) Programa sobre as ABAU desenvolvido pola oficina de información ao estudante da CIUG:

- Procedemento para a obtención da nota de acceso á Universidade Concepto de "nota de corte"
- Número de convocatorias. Opción de "subir nota"
- Algunhas pautas a ter en conta para a realización das probas.
- Vinculación existente entre as opcións de selectividade e carreiras universitarias.

b) Ingreso á Universidade:

- Prescrición. Distrito único e compartido. Formalización de instancias, datas, lugar de presentación.
- Criterios para a adxudicación de prazas: Universidades Públicas e Privadas.

c) Organización de graos.

- Plans de estudos
- Másters Universitarios que os complementan.

d) Ciclos Formativos de Grao Superior (Formación Profesional):

- Características. Requisitos de acceso
- Familias Profesionais e Ciclos de Grao Superior. FP Dual. Cursos de especialización.
- Oferta educativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Outros estudos:

Corpos de Seguridade do Estado: Policía, Exército, Garda Civil, Policía Local,... Escola Superior de Hostalaría de Galicia.



2.3.4.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA PROFESIONAL PARA OS CICLOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR:

- Coordinación co profesorado do Itinerario Personalizado para a Empregabilidade e os tutores/as, para ofrecer a información necesaria sobre a Universidade e as posibles saídas laborais.
- Comprender a organización e características do sector correspondente, así como os mecanismos da inserción profesional neles.
- Asesorar sobre as distintas opcións académicas e de transición á vida activa, fomentando a toma de decisión persoal, realista e axeitada ás características e circunstancias de cada alumno/a.
- Adquirir unha identidade e madureza profesional motivadora de futuras aprendizaxes e facilitadora das posibles adaptacións ao cambio das cualificacións.
- Para alcanzar os obxectivos propostos na área de orientación habilitaranse sesións puntuais, con cargo aos módulos que o equipo docente do grupo determine, propoñéndose, nestas sesións, actividades propias do Departamento de Orientación a desenvolver para estes grupos, que serán as que se expoñen nos apartados seguintes.
- Organización no centro da II Feira do Futuro do IES.

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

- Informar sobre o acceso ao mundo laboral.
- Explicar as opcións académicas para aquel alumnado que queira continuar os seus estudos: Ciclos Formativos de Grao Superior, características, requisitos de acceso, características das probas de acceso, preinscripción, oferta educativa en Galicia.

CICLOS FORMATIVOS DE GRADO SUPERIOR

- Informar sobre acceso ao mundo laboral.
- Explicar opcións académicas para aquel alumnado que queira continuar os seus estudos: ingreso á Universidade, notas de corte, graos universitarios, Universidades Públicas e Privadas, Preinscripción á Universidade.
- Charla, por parte do Servizo de información ao estudante da CIUG, sobre o acceso á Universidade dende CFGS.